

ACTA NÚMERO 3/2016
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 30 DE MAIO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día trinta de maio de dous mil dazaseis, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D^a M^a Pilar García Pereiro

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1.SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS PARA ÁS ELECCIÓNS XERAIS 2016.-
- 2.LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
- 3.DACIÓN CONTA DE DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.-
- 4.AMPLIACIÓN DO PROXECTO PLAN MARCO: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS 2016.
- 5.APROBACIÓN PROVISIONAL DO PADRÓN DELIXO 2016.-
- 6.ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO.-
- 7.MOCIÓNS.-
- 8.INFORMACIÓNS DA ALCALDIA.
- 9.ROGOS E PREGUNTAS.-

1. SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS PARA ÁS ELECCIÓNS XERAIS 2016.-

O vindeiro 26/06/2016 serán as Eleccións Xerais 2016, en cumprimento co establecido na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, deberase proceder ao sorteo das persoas que formarán parte das mesas electorais o vindeiro día 20/12/2015, acolléndose aos programas informáticos facilitados pola Diputación Provincial da Coruña ou o do INE (programa Conoce).

Acordase facer un novo sorteo cos representantes de cada grupo político si non é posible notificar as persoas seleccionadas para as mesas ou si a Xunta Electoral de Zona o determina, aos efectos establecidos na Lei.

Cumpridas todas as formalidades legais establecidas, este concello formou as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

(NOTA: os datos do sorteo retíranse en virtude do acordo da xunta electoral central 663/2011 de 3 de novembro de 2011 recaído no expediente 140/261, polo que se respondía a unha consulta relativa á “posibilidade de publicar a composición das mesas electorais do sorteo realizado polo Pleno do Concello”. O citado acordó literalmente sinala:

“1º) La LOREG establece el carácter público del sorteo para la designación de los miembros de Mesa en el artículo 26.2 LOREG, pero no la publicidad de los datos resultado de los mismos, especialmente teniendo en cuenta que no son definitivos dado que podrían estar sometidos a excusa. Esta Presidencia no acierta a comprender la justificación de una publicidad de tal carácter, con la única excepción de que sea el interesado el que pueda comprobar, introduciendo sus datos personales, si ha resultado designado miembro de una mesa electoral, del mismo modo que sucede con la posibilidad de comprobación por el interesado de sus datos censales.

2º) Dicha publicación no podrá en ningún caso sustituir el acto de notificación de la designación. Es doctrina de esta Junta que la notificación se realizará en el modelo oficial aprobado por Real Decreto (Ac. 17 de Junio de 1987). El modelo oficial se contiene en el anexo 7. C .7.4ª del Real Decreto 605/1999 de 16 de abril por el que se establece la regulación complementaria de los procesos electorales.”

E o informe 0219/2016 da AEPO cúa conclusión é:

“no cabiendo en consecuencia amparar la publicación de los datos en el artículo 11.2 a) de la Ley Orgánica 15/1999 y no existiendo otra causa legitimadora de la cesión, la publicación de los datos en Internet a la que se refieren las noticias mencionadas en la consulta resultaría contraria a lo establecido en la normativa vigente en materia de protección de datos de carácter personal.”)

2.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Pola Presidencia indícase que foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión a acta da sesión plenaria nº 2/2016 celebrada o 15 de marzo de 2016, preguntando aos concelleiros asistentes si existe algunha obxección á mesma.

Sometida a aprobación queda aprobada a acta anterior polas persoas que asisten ao pleno.

3.- DACIÓN CONTA DE DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.-

Pola Presidencia ciase lectura dos Decretos e Resolucións da Alcaldía que van dende o 10.03.2016 comenzando polo número 21/2016 ata o día 24.05.2016 terminando no número 52/2016, e dos que os concelleiros teñen copias.

O señor alcalde explica entre outros os relativos a liquidación 2015, e do de transformación de traballadoras do servizo de axuda no fogar (SAF).

4.- AMPLIACIÓN DO PROXECTO PLAN MARCO: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS 2016.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

Na Xunta de Goberno Local do 25.02.2016 acordouse aprobar a participación no Plan Marco: mellora de Camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016 e aprobar o proxecto denominado CAMIÑO DE ESTRADA DA SILVA-ANXERIZ A AMBROA e Outro, elaborado por don Julio C. Rojo Martinez, nº de colexiado 3871, por un importe de 86.333,50€.

O 3 de marzo do 2016 este Concello presentou na sede a Agader a solicitude de axuda para a execución do proxecto citado.

O 5.05.2016 recíbese escrito de solicitude de emenda xa que non se cumpren os requisitos das bases da convocatoria, o que a Xunta de Goberno Local do 05.05.2016 acorda aprobar o proxecto complementario denominado Camiño de estrada da Silva - Anxeriz a Ambroa e outros - camiño de Regueiro a Painza (Numide) por un importe de 17.438,73€, e remitir o mesmo para o expediente PM16-0304302A-024 .

Por todo o exposto PROPOÑO:

I. Ratificar o acorde da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 05.05.2016 que literalmente dí:

"1º Aprobar o proxecto denominado camiño de estrada da Silva · Anxeriz a Ambroa e outros - camiño de Regueiro a Painza (numide) por un importe de 17.438,73 euros, e remitir o mesmo para o expediente PM16-0304302A-0241 do procedemento Plan Marco de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016."

O señor alcalde explica o contido deste expediente e sometese a votación e votan:

A favor: 8 PP

Abstención: 3; (2 de PSdeG-PSOE don Carlos Garcia xustifica a súa abstención en coherencia coa súa postura na que se aprobou o Plan Marco pois descoñecía o contido) e (1 do BNG).

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldia nos seus propios termos.

5.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PADRÓN DE LIXO 2016.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

Pola Presidencia infórmase da elaboración do Padrón Fiscal da Taxa polo Servizo de recollida de lixo para o ano 2016 o cal canta, no seu estado provisional, coa emisión de 1.457 recibos por un importe de 100.349,19€, logo da aplicación da ordenanza aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2015 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 224, do 23 de novembro de 2015.

Polo que á vista do mesmo realizadas, as altas, baixas, e modificacións, PROPOÑO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o padrón da taxa polo servizo de recollida de lixo.

Segundo.- Publicar no taboleiro de edictos do concello, web municipal e boletín oficial da provincia aos efectos de someter a información pública para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58 / 2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de 30 días, que contarán dende o día seguinte ao da publicación no último medio referido anteriormente.

Terceiro.- De non haber reclamacións, facultar a Alcaldía para que resolva a súa aprobación definitiva e remita toda a documentación ao servizo de Recadación da Deputación Provincial para efectuar o seu cobro.

O señor alcalde explica o contido do expediente e sométese a votación e votan:

-A favor: 8 PP e 2 PSdeG-PSOE

-Abstención: 1 BNG

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

6.- ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

Por escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e que tivo entrada no Rexistro de Entrada do Concello o día 22 de decembro último, co número 1589, infórmase do acordo adoptado pola Sala de Goberno do T.S.X.G., na súa reunión do 18/12/2015 e na que se recolle que estando próximo a vencer o período de catro anos polo que se nomeou xuíz de paz substituto para este concello, deberase proceder ao inicio dun novo expediente para elixir un novo substituto no prazo de tres meses, tal como establece o artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985 do 1 de xullo do Poder Xudicial.

Realizada a convocatoria por Decreto da Alcaldía do 20 / 01/ 2016 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 26 do día 10 de febreiro de 2016, preséntase como único candidato don José Santos Villaverde, cargo que ven desempeñando de xeito ininterrompido dende o seu nomeamento polo T.S.X.G., na súa reunión do 7/ 11/ 1997.

Á vista da solicitude acordo propoñer como XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO de Tordoia a don JOSÉ SANTOS VILLAVERDE, por reunir os requisitos esixidos.

O señor alcalde explica o contido do expediente e interven o concelleiro do PSdeG-PSOE explicando que o seu grupo vai votar en contra xa que considera que sería mellor ter unha lista das persoas que están interesadas.

Interven o señor alcalde decindo que xa se fixo público o anuncio pero solo se presentou unha persoa, o problema é que non retribuído.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE decindo que non duda do procedemento se non que é como él o plantearía.

Interven a concelleira do BNG decindo que o seu voto será abstención xa que lle extraña que so haxa unha persoa interesada.

Sometese a votación e votan:

- A favor: 8 PP
- En contra: 2 PSdeG-PSOE
- Abstención: 1 BNG

7.- MOCIÓNS.-

Pola señora concelleira do BNG dona Maria Pilar García Pereiro dase lectura as 2 MOCIÓNS que literalmente dín:

1º

Eu, **MARIA PILAR GARCÍA PEREIRO**, Voceira do Bloque Nacionalista Galega, ao abeiro do artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, preséntolle ao Sr. Alcalde a seguinte:

MOCIÓN

AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA AGRO DO MESTRE · SANTIAGO DE COMPOSTELA

Polo que EXPOÑO

Unha vez realizada a ampliación e mellara da estrada A Tablilla ·Agro do Mestre (CP-8401), é urxente e necesario a ampliación e mellara dende último punto ate Santiago de Compostela.

Esta estrada é a principal vía de comunicación que une o concello de Tordoia coa capital administrativa de Galicia, á que nos debemos trasladar con frecuencia os habitantes deste concello.

Ademais do lamentable estado do seu firme, tamén é necesaria a súa ampliación debido á grande cantidade de tránsito lixeiro, e ultimamente pesado, que soporta esta vía. Todo isto provoca continuas retencións, e polo tanto retraso á hora de realizar as tarefas oportunas nesa cidade.

Por todo isto SOLICITO

A esta Corporación, que se faga un escrito conxunto, reclamando á Deputación da Coruña a urxente ampliación e mellara desta estrada, polos inconvenientes que nos está a causar o todos os seus usuarios e usuarias.

En base a esta moción presentada elaborouse unha petición concensuada (PP-BNG) a que o señor alcalde procede á lectura para concensuar co partido PSdeG-PSOE, que literalmente dí:

"AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA C.P. 7804 DE AGROS DE MESTRE A SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dende hai moitos anos existe unha demanda á Deputación Provincial efectuada polos municipios de Cerceda, Tordoia, e Trazo para que se mellorara os trazados das estradas provinciais que unen estes concellos coa capital de Galicia, por ser a principal vía de comunicación.

Nos últimos anos, a través de diversos planos de investimento feitos por ese organismo provincial, levouse a cabo a ampliación e mellora da estrada de Tablilla a Agros do Mestre (C.P. 8401) e actualmente fixéronse as beiras rúas na localidade de Agros do Mestre (Trazo), situada na estrada provincial denominada 7804, sen a ampliación da estrada.

Sendo estas unha vías transversais de comunicación esenciais que unen os concellos mencionados xunto co límite da Laracha e os comunican con Santiago de Compostela - inculcándose a existencia de liñas de transporte público - e o que supón para o desenvolvemento do medio rural, nos aspectos económico, social, cultural, etc., xunto coas obrigas diarias de trámites administrativos, asistencia sanitaria, educativa, etc, influindo nun maior número de vehículos que circulan por elas, incluído o tráfico pesado, traendo consigo unha maior perigosidade para usuarios, a través deste escrito asinado por todos os representantes dos grupos municipais que conforman a corporación municipal do Concello de Tordoia, unida as contínuas queixas dos veciños e demanda de mellora dos viarios de titularidade da Deputación, considerándose moi prexudicados, fai que se solicite a inclusión á maior brevidade nos orzamentos da Deputación o proxecto de ampliación e mellora da estrada provincial 7804 que vai de Agros do Mestre (Trazo) a Santiago de Compostela esta vella reivindicación que ven sendo denunciada dende a década dos 90 do século pasado. Por último dámoslle traslado desta petición aos concellos de Santiago de Compostela, Trazo e Cerceda, por estar afectados neste grave prexuízo para os seus veciños, solicitándolles a súa colaboración mediante o apoio desta demanda perante a Deputación Provincial."

Interven a señora concelleira do BNG explicando que por ser de necesidade debemos unirnos para conseguir algo que beneficia a Tordoia, hai que pelexar.

Interven o señor concelleiro do PSdeG-PSOE manifesta que acaba de coñecer esta proposta conxunta, pensa que non val para nada, que xa no seu día o seu partido (PSdeG-PSOE) intentaron, despois de moitas reunións sen resultado, pois son os alcaldes de Trazo e Santiago de Compostela os que teñen que pedir, e nin un nin o outro e non se lles pode abrigar. O documento é bonito pero non val para nada, reitera que no seu día o seu grupo político fixo moitas reunións, e a única opción cree que sería que a Xunta adquirira a titularidade da carretera e fixera a inversión.

O señor alcalde expresa que as 2 posturas están fundamentadas, pola necesidade como dí Pili a concelleira do BNG e que é moito presuposto para a Deputación, sería a Xunta como dí Carlos concelleiro do PSdeG-PSOE a que debería implicarse.

Logo de varias intervencións o señor alcalde PROPÓN incluír o escrito concensuado e comunicarllo a Excm. Deputación Provincial da Coruña e aos alcaldes de Santiago de Compostela e Trazo para que apoiem e colaboren co mesmo.

Sometese a votación e votan, a favor da moción concensuada todas as persoas que asisten ao pleno (8 PP; 2 PSdeG-PSOE e 1 BNG).

2º

Mª Pilar García Pereiro, Voceira do Bloque Nacionalista Galega, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, presenta a seguinte MOCIÓN para a creación dunha Comisión de seguimento da contratación de persoal por parte do Concello de Tordoia .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os cidadáns teñen dereitos ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. As administracións públicas, entidades e organismos á que se retire o artigo 2, do Estatuto Básico do Emprego Público, seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como por procedementos de publicidade das convocatorias e das súas bases, transparencia, imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección, a independencia e discreción técnica na actuación dos órganos de selección, a adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver e a axilidade, sen perjuízo da obxectividade, nos procesos de selección.

Os órganos de selección serán colexiados e súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen perjuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas no Estatuto referido.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte : ACORDO

O pleno da Corporación Municipal acorda crear unha Comisión de seguimento da contratación de persoal por parte do Concello de TORDOIA, que estará integrada por membros de todos os grupos políticos municipais, que se rexerá polas seguintes normas de funcionamento:

Cando se vaia iniciar un proceso de selección de persoal, o alcalde comunicará inmediatamente á comisión e remitirá toda a documentación relativa ao mesmo.

Todas as resolucións do proceso de selección serán comunicadas á comisión, cunha motivación dos seus fundamentos.

A comisión poderá solicitar tanta documentación ou actuacións estime necesarias, coa finalidade de fiscalizar os procesos de selección de persoal e emitir os informes e conclusións que estime oportunos a tal fin .

Interven a concelleira do BNG explicando os motivos polos cales presenta esta moción, e o señor alcalde manifesta que os cargos electos non forman parte dos tribunais de selección.

A concelleira do PSdeG-PSOE manifesta que sería unha comisión de seguimento.

Logo de varias intervencións sometese a votación e votan: a favor 1 BNG; en contra: 8 PP e abstense: 2 PSdeG-PSOE o motivo da súa abstención e que consideran que o BNG non forma parte desta lexislatura.

Polo señor **Carlos Garcia Vázquez** dase lectura a MOCIÓN que literalmente dí:

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia · PSOE de TORDOIA, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta MOCIÓN relativa a REVISIÓN CATASTRAL, con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O procedemento de revisión catastral impulsado dende o Ministerio de Facenda co obxectivo de aumentar a recadación e intentar sanear as contas dos concellos , vai a ocasionar un

impacto importante sobre os habitantes do medio rural en xeral e sobre todo sobre as explotacións agrarias e gandeiras.

Esta revisión da resposta a aplicación da resolución da Dirección Xeral do Catastro de setembro de 2013, que marca como prazo ata o ano 2016 para levar a cabo dita actualización. Este proceso consiste fundamentalmente en que se están a cat astrar todas as fincas do rural, así como a dar de alta bens como instalacións rústicas que son catalogadas como almacéns ou vivencias.

Isto ten como consecuencia que as instalacións agrarias inclúense no Imposto de Bens e Inmobles, é dicir, pasan a pagar instalacións que ata agora estaban exentas de facelo.

Tal como recolle o artigo 74 da Lei Xeral Tributaria que permite as bonificacións potestativas, e establece que " os concellos mediante unha ordenanza poderán regular as bonificacións de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos cales se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por darse circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento de ocupación.

Do mesmo xeito a normativa permite ó Concello decidir o coeficiente a aplicar sobre o valor catastral entre o 0,3% e 0,9%.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de TORDOIA, dado a importancia que o sector agrario representa neste concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva e polo tanto de especial interese municipal, insta ó Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS :

Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do 181 para os bens inmobles nos cales se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras.

Para as explotacións agrícolas e gandeiras ó coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será de o 0,3%.

Interven o portavoz do PSdeG-PSOE don Carlos García explicando os motivos polos cales presenta esta moción.

O señor alcalde explica que xa se aprobou no pleno de setembro, para compensar esa actualización con atrasos, baixándose de 0,48 ao 0,40% sen tocar rústica, unha bonificación do 50% si son usos agrícolas, unha baixada de basura dun 10% e un 0,20% no imposto de licenzas de obras.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE que se vai incrementar de uns ingresos do 181 de cento cuarenta mil a douscentos vinte mil, por eso SOLICITO a redución.

Producense varias intervencións ao respecto, insistindo o concelleiro do PSdeG-PSOE que non coinciden neste punto.

Sometese a votación e votan: a favor: 2 PSdeG-PSOE; en contra: 8 PP e absteñense: 1 8NG.

8. INFORMACIÓN DA ALCALDÍA.

O señor alcalde informa que se vai a incrementar a vixancia para o cumprimento das distancias legais en plantacións.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

A concelleira do BNG dona Pilar García pregunta sobre o Obradoiro de emprego, ao que o señor alcalde dí que se solicitou subvención pero esta sin resolver, dona Pilar Raga pois que se utilice edificio rectoral para museo etnográfico, o concelleiro do PSdeG-PSOE apunta que sería mellar unha casa rural.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 14 :15h.